c) Que en la ordenación urbanística de la zona se den las condiciones precisas de tolerancia de las edificaciones que se pretendan llevar a cabo.

d) Que se trate de edificación cerrada, de forma que, tanto las edificaciones existentes, como las que puedan ser objeto de autorización, queden adosadas lateralmente a las contiguas.

e) Que la alineación de los nuevos edificios se ajuste a la de los existentes.

f) Que la longitud de las fachadas de los solares, edificadas o no, sobre los que se deba actuar para el logro de la pretendida homogeneidad, no supere el 25 por 100 de la longitud total de fachada del tramo correspondiente.

El propio planeamiento urbanístico habrá de proponer el acotamiento de los tramos de fachada marítima cuyo tratamiento homogéneo se proponga obtener mediante las actuaciones edificatorias para las que se solicite autorización.

3.ª En los núcleos que han sido objeto de una declaración de conjunto histórico o de otro régimen análogo de especial protección serán de aplicación las medidas derivadas de dicho régimen con preferencia a las contenidas en esta Ley."

A citada disposición transitoria está desenvolvida pola disposición transitoria décima do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, no que atinxe aos terreos clasificados como solo urbano.

Será necesario ter en conta o disposto no Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Consecuencia do exposto, recoméndase realizar consulta, nos mesmos termos que a realizada en este concello, aos órganos competentes en materia de costas, autonómico ou estatal, en función do alcance das actuacións pretendidas.

7.- VAO PERMANENTE - Roberto Costa Fernández

Visto o escrito presentado por **Roberto Costa Fernández**, de data 02/11/2023 (Rexistro de entrada nº 25.420), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Fonterramil, nº 14 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 06/11/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Conceder a Roberto Costa Fernández**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Fonterramil, nº 14 (Castiñeiras), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

8.- VAO PERMANENTE - M^a Isabel Rodríguez Ramos

Visto o escrito presentado por **M. Isabel Rodríguez Ramos**, de data 22/09/2023 (Registro de entrada nº 21.993), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Revaleiras, nº 21 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 06/11/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a M. Isabel Rodríguez Ramos**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Revaleiras, nº 21 (Palmeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

9.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: SEMINARIO FRAUTISIMAMENTE

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 31/10/2022, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto "Seminario Frautisimamente".

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/11/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:



<i>FRAUTÍSIMAMENTE</i>	DURACIÓN POR ENCANTRO	INSCRIPCIÓN POR ENCANTRO	INSCRIPCIÓN NOS TRES ENCANTROS	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA
MODELO 1	60 MIN		174,00 €	150,00 €
MODELO 2	45 MIN		132,00 €	114,00 €
MODELO 3	60 MIN	58 €		
MODELO 4	45 MIN	44 €		
OINTES		15 €	45,00 €	GRATUITO
* O Número de horas lectivas en cada encontro non poderá superar as 12.				

Deberase publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboeiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do centro organizador da actividade (Cmus Profesional de Ribeira “Enrique Paisal”)

O anuncio deberá ser exposto desde o día de seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

10.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS. EJERCICIO 2023

Vista a **proposta** de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 06/11/2023, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de subvencions para deportistas individuais que destacaron na súa faceta competitiva, para apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/11/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de subvencions para deportistas individuais que destacaron na súa faceta competitiva – Exercicio 2023.

11.- PROPOSTA PARA INSTALACIÓN DE SINAL S-28 (ZONA RESIDENCIAL) NA RÚA TALLERES HERMANOS NERVIÓN (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2023, relativa á instalación de sinal S-28 (Zona residencial) na rúa Talleres Hermanos Nervión (Ribeira), no que sinala:

“Algúns pais de alumnos do colexio O Grupo, e mesmo a súa directora, teñen manifestado a esta Xefatura o perigo de atropelo que perciben na rúa THN á hora da saída ou entrada porque “hai



conductores que pasan coma tolos e calquera día calquera día vaise producir o atropelo de algún rapaz que se mete na calzada”.

A limitación xenérica nas rúas de senso único é de 30 km/h. No treito da rúa THN onde está situado o colexio tan só hai unha beirarrúa (afortunadamente na marxe máis preta do recinto escolar), ao que lle segue unha zona de aparcamento “en liña” e logo o carril de circulación). Aínda así, hai rapaces que invaden a calzada (sen xustificación).

Para procurar máis seguridade nesta situación suxestíronse instalar un sinal S-28 (“rúa residencial”). Dese xeito, a limitación da velocidades pasaría a ser de 20 Km/h (en vez de 30) e os conductores teñen a obriga de concederlles prioridade aos peóns en toda a vía.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a instalación dun sinal S-28 (“rúa residencial”), para que, dese xeito, a limitación da velocidades pasaría a ser de 20 Km/h (en vez de 30) e os conductores teñen a obriga de concederlles prioridade aos peóns en toda a vía, segundo o sinalado no citado informe policial.

12.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- A.M.V.M. e A.A.T.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 30/10/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.M.V.M. e A.A.T.**, mediante escrito de data 27/10/2023.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social (valoración e proposta)** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 30/10/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a **A.M.V.M. e A.A.T.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **700,00 €**, en concepto de gastos de aloxamento de urxencia no Hostal Carolinas, desde o día 26/10/2023 ata o 14/11/2023.

13.- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA ENVOLVENTE EXTERIOR EDIFICIO UAD

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Obras e Viales de Galicia, S.L. para a realización do contrato de obras de construción do acondicionamento funcional e mellora da envolvente exterior do edificio da UAD, en virtude do decreto de Alcaldía de data 20 de xullo de 2021, por un importe de 361.420,01 euros, sendo obxecto posteriormente de modificación mediante decreto de Alcaldía de 7 de novembro de 2022, da que resultou un importe de 430.846,89 euros.

Vista a solicitude de revisión de prezos extraordinaria presentada pola empresa Obras y Viales de Galicia, S.L., con número de rexistro 16.118 de 30 de agosto de 2022.

Visto o informe de intervención de 2 de novembro de 2023.

Vista a proposta da **Alcaldía**, de data 02/11/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL** da Corporación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



1.- Aprobar con carácter provisional a revisión excepcional de prezos do contrato de obras de construción do acondicionamento funcional e mellora da envolvente exterior do edificio da UAD nos seguintes termos:

- A fórmula aplicable ao presente contrato, contida no Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obra e dos contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, será a 821: Obras de edificación con alto compoñente de materiais metálicos e instalacións.
- Os importes resultantes da revisión de prezos do contrato que son susceptibles de ser calculados á data actual, tendo en conta os índices publicados polo INE ata marzo de 2023, son os seguintes:

CERTIFICACIÓN Nº	IMPORTE CERTIFICADO	IMPORTE REVISIÓN	INCREMENTO
1 sep-21	8764,61	9860,67	1096,06
2 out-21	8187,47	9294,95	1107,48
3 nov-21	14963,77	17096,01	2132,24
4 dec-21	40432,42	46348,91	5916,49
5 xan-22	62414,68	72961,05	10546,37
6 feb-22	91914,56	109336,73	17422,17
7 mar-22	63395,18	77380,51	13985,33
8 abr-22	36111,49	45829,79	9718,30
9 mai-22	15013,2	19329,32	4316,12
10 nov-22	89649,51	108895,81	19246,30
TOTAL	430846,89	516333,7554	85486,87

2.- Dar traslado a Obras y Viales de Galicia, S.L. desta proposta por un prazo de 10 días hábiles para que presente as súas alegacións.

3.- No caso de que durante ese período de 10 días hábiles non se presenten alegacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

4.- Aprobar o pago polo importe da revisión agora sinalada, de 85.486,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 933.63201.

14.- BENEFICIARIOS AXUDAS COMEDOR E MATERIAL ESCOLAR – AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2022-2023

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/06/2023, na que propón o abono da axuda social concedida, xa que, por erro de transcripción, non figuraba no listado presentado en xaneiro coa relación de persoas beneficiarias.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda que se proceda ao abono da axuda social concedida (Material escolar) a R.P.M. (nº rexistro 16370), por importe total de 50,00 €.

15.- INFORME POLICIAL EN RELACIÓN A MORADORES DE EDIFICIO DE VIVENDAS EN RÚA XOSÉ RAMÓN BARREIRO (RIBEIRA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do informe emitido pola Policía Local, de data 06/11/2023, relativo a moradores do edificio de vivendas situado na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro (Ribeira) do que é titular a Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (SAREB), e por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á remisión do citado informe policial á Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (SAREB).

16.- APROBACIÓN SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN TÉCNICOS DE TURISMO - DEPUTACIÓN 2024

Vista a solicitude presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 02/11/2023, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2024”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 199, de data 18/10/2023).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo por un período mínimo de catro meses durante o ano 2024”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.



17.- APROBACIÓN SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA SAN ROQUE - DEPUTACIÓN 2024

Vista a solicitude presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 02/11/2023, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 199, de data 18/11/2023).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024”, – **Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luís A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

18.- APROBACIÓN SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MUSEO MUNICIPAL DE RIBEIRA - DEPUTACIÓN 2024

Vista a solicitude presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 31/10/2023, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 194, de data 18/10/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024”, – **Museo Municipal de Ribeira**.



- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luís Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO DE PARQUE MUNICIPAL - Antía Fontaiña Falque (Ludoteca "O Xardín Ventureiro")

Visto o escrito presentado por **Antía Fontaiña Falque**, de data 07/11/2023 (Rexistro de entrada nº 25.798), no que solicita autorización de uso do parque municipal situado na Rúa Rafael Dieste (Ribeira) por parte dos/as usuarios/as e traballadores/as do establecemento Ludoteca "O Xardín Ventureiro".

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a Antía Fontaiña Falque o uso do parque municipal situado na Rúa Rafael Dieste (Ribeira) por parte dos/as usuarios/as e traballadores/as do establecemento Ludoteca "O Xardín Ventureiro".

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera**, en representación do establecemento "Café Bar O da Rubia", de data 06/11/2023 (Rexistro de entrada nº 25.662), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), o día 11 de novembro de 2023, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), o día 11 de novembro de 2023, nas condicións establecidas pola "Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira", aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

"(...)"

5.- DATAS E HORARIOS:



5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

